

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante ese prazo poderán os interesados formular as reclamacións que estimen pertinentes.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. Cospeito, 7 de decembro de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3611

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

AMPLIACIÓN DA LISTA DE AGARDA PARA AS VACANTES OU AUSENCIAS QUE NA ESPECIALIDADE DE PIANO DO CONSERVATORIO MUNICIPAL MESTRE IBÁÑEZ, SE POIDAN DAR.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/11/2022 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 15 de novembro de 2022.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 3532

OUIROL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía nº 267/2022, aprobáronse as Bases Xerais que rexerán xunto coas Bases Específicas as convocatorias dos procesos selectivos excepcionais correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ouiról incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021.

Por Resolución de Alcaldía nº 269/2022, aprobouse a convocatoria excepcional e as Bases Específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira/persoal laboral fixo no Concello de Ouiról de vintedúas (22) prazas denominadas: Arquitecto/a Municipal (1) – Traballador/a Social (1) – Educador/a Familiar (1) – Operario/a de Servizos Municipais (con carné de conducir B) (1) – Conductor/a Tractorista Desbrozador – Oficial 3ª (1) – Conductor/a de Camión – Oficial 1ª (1) – Enxeñeiro/a de Montes (1) – Encargado/a de Instalacións Municipais (1) – Técnico/a de Servizos Xerais (1) – Animador/a Sociocultural (1) – Promotor/a de Turismo (1) – Bibliotecario/a (1) – Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada completa) (3) – Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (1) – Auxiliar de Axuda a domicilio (xornada parcial – fins de semana e festivos) (1) – Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) (1) – Limpador/a (xornada parcial) (1) – Axente de Emprego e Desenvolvemento local / Técnico de emprego (1) – Fisioterapeuta (1) – Operario/a de Servizos Municipais (con carné de conducir C) (1), prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), polo sistema de concurso.

As Bases xerais aprobadas son, literalmente transcritas, as que seguen:

BASES XERAIS QUE REXERÁN XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DO CONCELLO DE OUIROL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DA LEI 20/2021

PRIMEIRA.- CONTIDO E AMBITO DE APLICACIÓN

Estas Bases Xerais teñen por obxecto regular os aspectos comúns aos procesos selectivos para cubrir as prazas de traballo vacantes nos cadros de persoal funcionario e persoal laboral fixo do Concello de Ouiról que estiveran ocupadas con carácter temporal con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 de conformidade coas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, relativas ao proceso excepcional de estabilización do emprego temporal de longa duración.